

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 11 de maio de 2018 pola que se regula a realización das vacinacións no sistema sanitario público de Galicia e se actualiza o calendario de vacinación de persoas adultas do Programa galego de vacinación.*

O artigo 43 da Constitución española de 1978 establece o dereito á protección da saúde, e sinala que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas. A Lei xeral de sanidade de 1986 establece no artigo 3.1 que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, sinala na súa exposición de motivos que os poderes públicos teñen que asegurar e mellorar a saúde da poboación, a actual e a futura, entendendo o investimento en saúde como unha contribución decisiva ao benestar social, tanto polo efecto neto de ganancia en saúde como pola contribución á sustentabilidade dos servizos sanitarios e sociais. Engade que acadar as maiores ganancias de saúde require que a sociedade se organice de forma que se fomente, protexa e promova a saúde das persoas, tanto na esfera individual como colectiva, e que se realice desde un rigoroso coñecemento científico e coa anticipación necesaria. Esta organización de sociedade require un sistema de saúde pública que xunte e coordine os seguintes ámbitos de acción: o propio dos dispositivos de saúde pública; as accións de prevención e promoción da saúde nos servizos sanitarios e aquelas accións e programas que, sen seren sanitarios, teñen efecto sobre a saúde. Os dispositivos sanitarios que atenden a saúde da colectividade responden ás ameazas sobre a saúde da poboación na área de prevención da enfermidade mediante as vacinacións e outras intervencións poboacionais.

As vacinas veñen sendo consideradas, tanto polos organismos internacionais como polas autoridades nacionais, como unha ferramenta fundamental da saúde para obter beneficios tanto individuais como colectivos, e a vacinación está considerada como a mellor relación custo-efectividade na prevención primaria da enfermidade.

A Organización Mundial da Saúde-OMS é a organización internacional que se encarga, entre outras actividades, de establecer as recomendacións necesarias para o establecemento de vacinas e de controlar a súa seguridade, que son logo adaptadas polas autoridades nacionais responsables dos programas de inmunizacións.

A Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde, seguindo as recomendacións da OMS e doutras organizacións internacionais, aprobou un



documento en que indica que a vacinación, en xeral, e da gripe, en particular, se realiza como resultado da decisión da autoridade sanitaria en prol de preservar a saúde pública e en atención ao risco epidemiolóxico, tratando de preservar como obxectivo final a saúde colectiva e, en particular, a das persoas con maior risco de presentar complicacións. Por esta razón e tendo en conta o carácter colectivo da vacinación non se require do diagnóstico nin da prescrición médica previa, xa que a cobertura esténdese, como queda indicado, a cubrir as necesidades preventivas de determinados colectivos, sexan definidos pola súa idade (poboación infantil e adolescentes, a maiores de 60 anos), ou por outras características (mulleres embarazadas, persoas con risco de complicacións ou con enfermidades de base, persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de complicacións, etc.) e de traballadores sanitarios que, por traballar nos servizos de asistencia sanitaria, poden evitar que se propague a pacientes vulnerables.

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, establece no seu artigo 6.4 no ámbito das actuacións de saúde pública o establecemento dun calendario de vacinacións e sinala que a Administración sanitaria adoptará as accións preventivas que sexan necesarias para a realización da anterior función, incluíndo a realización de vacinacións.

A Consellería de Sanidade ten publicada unha Nota informativa do 1 de marzo de 2016 en que se facilitan as instrucións necesarias para a realización da vacinación precisando que, cando se vacina á poboación, no marco dunha campaña, se actúa como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, ante un risco epidemiolóxico detectado e para preservar a saúde pública e a dos individuos máis expostos. O obxectivo da referida nota informativa era o de garantir a maior seguridade dos pacientes e da calidade do servizo sanitario, promovendo o mellor exercicio protocolizado da competencia profesional, a seguridade de todos os procesos e a efectividade dos tratamentos instaurados.

Neste momento cómpre establecer un marco xurídico que proporcione seguridade na realización dos procesos e actividades que comporta o exercicio das vacinacións e, por ese motivo, se elabora a presente orde.

A aprobación desta orde realízase cumprindo os principios da boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, especialmente, os referidos ao cumprimento do interese xeral, a transparencia e a seguridade xurídica.

Por outra parte, as enfermidades previbles mediante vacinación son unha causa importante de morbimortalidade na idade adulta.



A vacinación infantil sistemática é unha estratexia relativamente recente, polo que algunhas cohortes de poboación adulta non se beneficiaron dela e tampouco chegaron a crear inmunidade natural fronte a algunhas das enfermidades transmisibles, creándose así bolsas con porcentaxes variables de persoas susceptibles de padecer as ditas enfermidades. Ademais, algunhas das vacinas administradas na infancia non inducen inmunidade para toda a vida, polo que é necesario reforzala con doses posteriores.

Dado que toda a poboación non é inmune, existe sempre un risco real de que se produzan brotes de enfermidades inmunoprevibles polo que é necesario estender as políticas e recomendacións de vacinación aos adultos co fin de reforzar o impacto dos programas de vacinación infantil e o control das infeccións inmunoprevibles ao longo de toda a vida, programa regulado pola Resolución do 5 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se actualiza o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación (DOG nº 234, do 9 de decembro).

A Comisión asesora de enfermidades inmunoprevibles de Galicia analizou esta situación e propuxo a instauración formal dun calendario de vacinación do adulto en Galicia. Polo que, baseándose nas recomendacións técnicas ao respecto e nos informes favorables emitidos, a Consellería de Sanidade definiu e difundiu un calendario de vacinación de adultos a partir de xuño de 2017. Transcorrido un tempo, considérase conveniente a publicación oficial destas recomendacións xerais de vacinación para a poboación adulta.

Na súa virtude, de acordo co disposto no artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Que a vacinación, en xeral, e fronte a gripe, en particular, se desenvolva atendendo ás recomendacións da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde. Corresponderá ao centro directivo desta consellería con competencias en materia de saúde pública o establecemento dos períodos en que se realizarán as campañas, así como a elaboración das instrucións necesarias para o seu desenvolvemento, e poñerá á disposición toda a información técnica e complementaria que se xulgue necesaria para o bo fin do obxectivo indicado, dando publicidade de todo isto a través do portal de saúde [www.sergas.es](http://www.sergas.es), sen prexuízo de que se realice noutros portais para xeral coñecemento da poboación.

Segundo. O centro directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en asistencia sanitaria ditará as instrucións necesarias para que as vacinas sexan administradas



polo persoal de enfermaría, conforme os sistemas e protocolos utilizados ata o momento e seguindo as instrucións técnicas e complementarias que se indiquen.

Terceiro. Os responsables dos centros de vacinación e o seu persoal sanitario deberán colaborar na promoción das distintas campañas e contribuír, facilitando toda a información necesaria, a que a poboación albo atenda as recomendacións de vacinación.

Cuarto. Actualizar o calendario de vacinación de persoas adultas do Programa galego de vacinación, da seguinte forma:

### Calendario de vacinación de adultos

Vacinas/idade	Ata 35 anos	36-49 anos	50-59 anos	60 ou máis anos
Td (tétano - difteria)	Completar ou iniciar pauta de vacinación (5 doses) Se ten calendario infantil completo: 1 dose de recordo ao redor dos 65 anos			
dTpa (difteria, tétano e tose ferina)	Embarazadas (semana 28-36, preferiblemente 32): 1 dose en cada embarazo			
Gripe	Se existe factor de risco: 1 dose anual			1 dose anual
Pneumocócica conxugada 13v	Se existe factor de risco: 1 dose			1 dose ao facer 65 anos
Pneumocócica de polisacáridos 23v	Se existe factor de risco: 1 dose (intervalo mínimo 1 ano despois de PnC13)			1 dose aos 66 anos
Hepatite B	Se non foron vacinados previamente: 3 doses	Nados antes de 1982, se existe factor de risco: 3 doses		
Triple vírica (sarampelo, rubéola e parotidite)	Se non foron vacinados previamente e naceron despois de 1981: 2 doses. Se non cumpren criterios de inmunidade e naceron entre 1968 e 1981: 1 dose.			
Varicela	Se non cumpren criterios de inmunidade: 2 doses			
Meningococo C	Se non foron vacinados previamente: 1 dose	Se existe factor de risco: 1 dose		
Virus do papiloma humano: VPH	Mulleres, nadas a partir de 1994, se non foron vacinadas previamente: 3 doses	Se existe factor de risco: 3 doses		

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

